

**CARTA DUN LIBERAL
GALEGO NO VOCEIRO DO
PROGRESISMO ESPAÑOL**

Xurxo Martínez González

Universidade de Vigo

1. CONTEXTO DE ECO DEL COMERCIO

A España de 1834 vivía un período convulso, como o foi todo o século XIX, mais tamén definitivo. A morte un ano antes de Fernando VII pechaba a etapa do absolutismo. A futura raíña Isabel II era daquelas unha cativa que recibiría educación da ilustrísima progresista coruñesa dona Juana de Vega, a Condesa de Espoz y Mina.

O mando do estado quedou so a rexencia de María Cristina nunha situación certamente complexa: os carlistas conseguían varios triunfos, a economía ía a pique, agudizábase a cuestión colonial, a febleza da nova estrutura administrativa... Mentres, moderados e progresistas combatían ideoloxicamente para establecer un outro sistema político que renunciara definitivamente ao Antigo Réxime.

A prensa era daquelas a expresión desas loitas intelectuais entre os distintos bandos. Dende a expulsión dos franceses e a Constitución de Cádiz produciuse un relativo estoupido de liberdade que se reflectía na publicación de numerosos cabezallos xornalísticos das novas alternativas políticas. Uníanse ás novas liberdades emanadas en Europa trala Revolución francesa.

Nos diferentes parladoiros dos cafés de Madrid, das sociedades secretas e das casas dos conspicuos políticos, desta ou daquela fe, xeráronse diferentes proxectos xornalísticos para poder gañar así o favor da opinión pública, que entón xa comezaba a ter un mellor acceso á prensa. Aínda que non soubesen ler, pois o índice de analfabetismo riscaba o 90%, había quen os lía en alto para logo discutiren conxuntamente. Así nolo indica o propio artigo que estamos tratando: “póño-me a escoitar aos que están lendo”.

Cando Fernando VII estaba no seu leito moribundo, Fermín Caballero y Morgáez (quen sería deputado, senador e alcalde de Madrid polos progresistas) volvía do seu exilio para fundar o Boletín de Comercio, que saíría o 16 de Santos

de 1832. Favoreceuno a Lei da amnistía de outubro dese mesmo ano, que Fernando VII decidira asinar trala recuperación dunha crise da súa doenza de gota.

Este Boletín de Comercio, se ben debía tratar cuestións de orde mercantil, acabou por asumir principios políticos, pois da defensa dun novo sistema económico (o liberalismo) deriva a dunha nova orde política emanada da Constitución de Cádiz de 1812.

Daquelas Europa vivía o principio da revolución industrial: os métodos artesanais deixaban espazo ás fábricas e os labregos ou artesáns proletarizáronse. Estabeleciáse unha nova estrutura de clases e, por conseguinte, uns novos “contratos sociais” entre as mesmas.

O Boletín de Comercio contou co apoio da Sociedad Económica Matritense de Amigos del País, á cal pertencían boa parte dos redactores como o propio Fermín Caballero e Antonio Gil y Zárate. Era o “órgano de prensa [...] de la burguesía liberal madrileña” (Bahamonde Magno e Otero Carvajal, 1989: 532).

Foi censurado en marzo de 1834 por orde do granadino Xavier de Burgos, á sazón Secretario de Estado de Fomento baixo o ministerio de Cea Bermúdez.

O inmediato herdeiro do Boletín foi Eco del Comercio, fundado por Ángel Iznardi (El Mirón), que sae o 1 de maio de 1834 dende a Imprenta de Tomás Jordán. Na dirección entrou Manuel Francisco Mendialdúa (un dos líderes fundacionais do Partido Democrático, a póla máis avanzada do liberalismo) e na redacción senlleiros progresistas e constitucionalistas como o antedito Fermín Caballero, Fernando Corradi ou Joaquín María López (Hartzenbusch, 1993: 44).

Tanto nas páxinas do Boletín de Comercio como de Eco del Comercio colaboraron destacados axentes políticos do liberalismo máis radical que combateran nas filas da Milicia Nacional contra o absolutismo e, agora, contra o estado isabelino. Combateron, aínda que con menor embate, a figura da Condesa de Espoz y Mina ou ao propio Duque da Vitoria, o xeneral Espartero.

Lemos:

Durante sus años de existencia, el Eco del Comercio combatió sistemáticamente a todos los gobiernos con los que convivió, pero su crítica fue más benévola con Mendizábal, al que saludó con entusiasmo, sobre todo por su política desamortizadora [...]. Fue este periódico uno de los más extremos dentro de los diarios progresistas, aunque esto no significa que se implicara en la defensa del naciente proletariado madrileño [...]. En

realidad, este periódico representa los intereses clásicos de la burguesía que aspira a eliminar radicalmente cualquier síntoma feudal existente para imponer el tipo de relaciones económicas, sociales y políticas de la nueva clase en auge.

(Sierra, 2006: 60)

As posicións políticas de *Eco del Comercio* foron arriscadas sufrindo decote recollidas (censura) por parte dos gobernos moderados e conservadores. Por exemplo, cando ocorreron os sucesos de abril de 1846 en Galiza, sufriu até cinco recollidas (os días 12, 14, 17, 23 e 28). O 16 de abril, nun solto, lemos:

En la imposibilidad en que la circular del gefe político nos ha puesto de dar las noticias que nuestros corresponsales nos comunican relativas á los sucesos de Galicia, porque estamos seguros (y de ello tenemos prueba) de que dicha autoridad no dejaría circular los números del *Eco*.

Eco del Comercio, nº 1 115 (16.4.1846)

Non nos estraña a relación de *Eco del Comercio* con Galiza e a súa simpatía polo levantamento progresista e galeguista. Os redactores deste xornal mantiveron un estreito trato cos d'El Porvenir (1845) dirixido por Antolín Faraldo. “Nuestros esfuerzos están en completa armonía con los de vds.”, dicíanlle nunha carta asinada por Antonio Romero Ortiz, José Rúa Figueroa e Antolín Faraldo¹, é dicir, a redacción completa do xornal provincialista.

Dende *Eco del Comercio* tamén enviaban eloxios á nova mocidade galega: “Honor y prez á la juventud gallega. Nosotros la estimulamos á que siga su camino”². Agradecen os redactores do xornal madrileño a actitude e decisión de Antolín Faraldo: “Estamos agradecidos á nuestro amigo político don A. Faraldo por los generosos esfuerzos que está haciendo para reunir a la juventud gallega bajo la santa bandera de emancipación, por medio de la revista literaria El Porvenir”³.

¹ *El Porvenir*, nº9 (13.5.1845).

² *Eco del Comercio*, nº777 (11.3.1845).

³ *Eco del Comercio*, nº829 (11.5.1845).

Eco del Comercio axiña conseguiu instalarse na oferta do elenco xornalístico rivalizando cos conservadores, isabelinos e católicos El Español (1835-1837) e El Correo Nacional (1837-1842), que foran fundados por Andrés Borrego. Posteriormente combateu contra os partidarios de Narváez organizados no xornal dirixido por Luís Sartorius, El Heraldo (1842-1854), de citarmos aqueles máis lidos na fracción conservadora.

Os enfrontamentos ideolóxicos na prensa reproducían as posicións dos deputados nas Cortes españolas e neles abesullamos como se vai perfilando o programa político de cada opción. O mesmo Eco del Comercio, onde se inicia o artellamento do Partido Progresista, padece disensións co decorrer dos anos. Así, en 1844, varios dos seus redactores, como Fernando Corradi ou José de Gálvez Cañero, marchan e fundan El Clamor Público, igualmente antigubernamental e progresista pero máis marcadamente anticlerical e antimilitarista (Gómez Aparicio, 1967: 322).

Tanto os partidarios como os detractores seguían de preto o Eco del Comercio. As súas características convertéreno nun clásico da prensa: un diario (un feito pouco común) que incluía un folletín literario (José de Larra ou José de Espronceda foron dous dos seus colaboradores), tiraba dúas edicións (a de Madrid e a de provincias) e chegou a distribuírse até en corenta e catro cidades máis outras capitais de Europa e América.

No libro estadounidense *The eclectic magazine of foreign literature, science and art* (volume 13) lemos:

The Eco del Comercio is considerably larger in size than the Gaceta; in fact, it is within an inch of the size of the Journal des Débats. The Eco del Comercio is a daily morning paper of Exaltado and Progresista principles, and was once the great organ of the Spanish liberals.

(Holmes Agnew e Hiliard Bidwell, 1848: 393)

Na nosa terra Eco del Comercio vendeuse na Coruña (Ramón Calvete), Lugo (José Pujol y Baffer), Ourense (José Gómez Pazo) e en Compostela (Francisco Luís Compañel e logo Viuda de Compañel). Máis adiante tamén se distribuiría en Pontevedra (Administración de Correos).

A súa presenza nas novas catro provincias galegas (creadas a partir da división territorial de Javier de Burgos en 1833 que puxo fin ao Reino de Galiza) relaciónmola cun progresismo galego que acumulara unha respectada tradición dende a francesada.

Chegou a publicar a nutrida cifra de 3 045 números sendo o derradeiro o do 11 de Nadal de 1849.

2. ANÁLISE DO CONTIDO

Os redactores do xornal din publicar gustosos un artigo “por las buenas ideas que respira el cuitadiño articulista”. Un artigo en galego, o único que coñecemos dos máis de 3 000 números que sacou Eco del Comercio, escrito por un suposto emigrante galego que traballaba de mozo e de “augador”. Publicouse no número 459, correspondente ao 2 de agosto de 1835.

Malia que o autor pretende presentárenos como un labrego emigrado en Madrid, máis iletrado que culto, máis vulgar que refinado, o contido do seu artigo mostra o contrario.

Estas “buenas ideas” conforman, por riba de todo, unha diatriba anticlerical feroz. Daquelas a Igrexa comezara o seu declive: disolución da inquisición, perda de influencia na vida política, vítima de ataques e saqueos populares...

O artigo está escrito en agosto de 1835, como dixemos. Logo estamos xusto no período de transición entre o goberno moderado de Martínez de la Rosa e o goberno progresista de Álvarez Mendizabal. Era entón o primeiro ministro José María Queipo de Llano, o Conde de Toreno.

Nun intre de exaltación social, o Conde de Toreno decidiu suprimir a compañía dos Xesuítas e todos os conventos e mosteiros con menos de 12 persoas profesas. Porén non evitou que as iras populares fosen de novo contra a igrexa e así en xullo os conventos zaragozanos de Santo Domingo e San Agustín foron asaltados e mortos once relixiosos. Episodios que se estendían por outros puntos da xeografía peninsular e coa participación de determinados sectores da Milicia Nacional.

Verbo daquela situación lemos: “Los actos de violencia, siempre justificados en la acusación de carlismo, se repitieron en 1835 en Zaragoza y Barcelona y otras ciudades donde había estallado la sublevación progresista” (Gallego e Pazos,

1999: 82). Estes levantamentos revolucionarios tamén se produciron en Galiza e se dirixiron principalmente contra o clero regular.

Nesa atmosfera de conflictividade entre determinados sectores do pobo e a Igrexa é cando aparece o artigo de Xan de Santa María.

O galego comeza dende o inicio a súa crítica, queixándose do crego que lle puxo de nome Xan, que disque é o nome de burros.

Sarcástico e retranqueiro, pide a axuda de deus para redactar esta sátira que pretende ser “proveicto pra nación ê mais de guía tamen pra os que nos gobernan”. Unhas altas pretensións para este analfabeto mozo.

Reparemos no uso de nación para referirse ao pobo español. A introdución deste termo, fronte a estado ou reino para referirse a todo o Estado español, procede das ideas revolucionarias de 1789, onde un pobo liderado pola crecente burguesía decide tomar o poder. A nación pasa a representar ao pobo na súa totalidade substituindo a figura do Rei ou a do propio estado. De aí vén a reclamación da soberanía nacional como pretensión dos liberais na redacción dos textos constitucionais. Barreiro Fernández explica:

O afán de fixar o concepto de ‘nación’ como equivalente ao pobo ten unha evidente intención ideolóxica: a de ensombrecer a figura do Rei como único depositario da soberanía de España, trasladando ao pobo o depósito desta soberanía.

(Barreiro Fernández, 2008: 92)

Os gobernantes e conselleiros da raíña tamén foron postos no cadafalso: “todo bai ben (se entende, mi[s] señores, pra eles e non pros mais)”. Efectivamente era así pois as diferenzas entre as clases sociais eran moi altas e aínda se sufrían andazos de fame que provocaron miseria e morte en moitos lugares e revoltas contra os poderosos.

O noso autor sabe xogar coas palabras cando ao referirse aos ministros di: “son como os papas (había de ser duña⁴ boa chea de moscas) infelibles”, é dicir, que os ministros son uns papamoscas. Sabía ben como redactar este suposto mozo analfabetiño. Se por el fose, dinos, levaría polo rego a todos os gobernantes.

⁴ Enténdase ‘dunha’.

A xustiza non é igual para todos, asegura. Parece que o clero goza dunha sorte de beneficio e a raíña non toma medidas. Por iso, a xustiza, que “é o eixo do carro ou a maquina do estado”, debe ser inflexíbel con calquera persoa ou institución, pois segundo o autor é na santa institución onde “se vein mayores inxusticias, roubos é xudiadas”.

Recunca unha e outra vez no agresivo pasado e na falta de coherencia entre os textos sacros co xeito de actuar dos representantes deses ideais: “foron ô oprobio dun estado que tanto debe sobresalir entre os mais en moralidade, virtudes é santidad, como ô exixen de les ò evanxelio”.

O sector dominante dentro da Igrexa española situárase ao carón dos carlistas durante o conflito civil. Outros decidiron tomar parte polo bando cristino ou isabelino. Non desaproveita a ocasión o noso paisano para aseverar que “non’hay quen os conteña, deixandos andar á renda solta hasta salir ca sua, que é destrozinar á nena doña Sabela é desacreditar á sua Nay doña Christina”. Máis adiante acusaos de fomentar “a fina guerra que eles nos fan é na que nos teñen envoltos”.

A participación da Igrexa no bando carlista non é un asunto de doada solución:

El carlismo estaba identificado con la Iglesia, la Iglesia no estaba exclusivamente identificada con el carlismo. [...] Puede ser que una decisiva mayoría del clero simpatizase con los objetivos del carlismo, pero esto no significa que participasen activamente en la lucha contra el liberalismo.

(Callahan, 1989: 151)

Por iso di con toda a retranca do mundo: “Caten, caten vostedes, mis señores, que bos discípulos son estos de Xexuchristo”. Así actuaban os “feros despotas que son é sempre foron”, quen estaban levando ao descrédito a relixión católica “que mal se pode xa profesar” tendo como tiña a aqueles representantes.

Contra o final acusa ao goberno de ser “compangeiro” do clero, caéndolles a “cara[n]toña que trouxeron posta” en alusión ás simpatías polo Antigo Réxime.

Remata cunha arenga optimista porque fronte a aquela situación cumpría recuperar a “nosa legal libertade, é os nosos xustos dereictos”. Axiña chegaría ao poder o progresista Mendizábal e con el deron comezo as primeiras desamortizacións dos bens eclesiásticos.

3. ANÁLISE LINGÜÍSTICA

Dende a publicación dos Papés d'emprenta condenada (2008) por parte do Consello da Cultura Galega, podemos coñecer algo mellor o galego escrito de inicios do século XIX e, sobre todo, o galego escrito en artigos de prensa.

O noso texto, asinado baixo o pseudónimo de Xan de Santa María de Todo o Mundo⁵, contén algúns trazos lingüísticos peculiares que non demos atopado noutros escritos daquela época. Vaíamos debullando segundo sexan cuestións gráficas ou léxicas.

O autor, quen coidamos era unha persoa cunha boa formación e dun nivel cultural alto, optou pola conservación do dígrafo culto <CT>, procedente do latín, xunto á vogal resultante da consoante implosiva en formas como DERECTUM >dereicto ou NOCTEM >noicte.

Outro exemplo do coñecemento que tiña do latín atopámolo na escolla de prompto, que procede do latín PROMPTUM.

A duplicación da vogal final dos monosílabos é un uso arcaico que decidiu manter en casos como feé ou boós.

Resulta curioso como o autor non fai a contracción en me ô puxo (no canto de mo puxo), algús de estos falsos (no canto de destos) ou de algús de eles, cando foneticamente seguramente o fixese. Si o fai nos casos dos artigos como da igrexa ou dun estado.

O uso de maeso no canto de maestro, que se repite dúas veces, seguramente se deba a unha analoxía do tipo voso/vuestro, que leva á perda da combinación gráfica <tr>.

Máis interesante resulta o uso da gheada: son un probe carretón de ajua. Na área dialectal do autor, que nós situamos na Mariña lucense, non hai gheada. Coidamos que reproduce o nome con que eran coñecidos os “augadores” galegos de Madrid, que a maioría seguramente tivesen gheada. Logo os galegos que carretaban auga eran todos “ajuadores”.

Atopamos un galeguiño ao inicio do texto. Unha variante pouco común cando a forma popular maioritaria era gallego ou galleguiño, como recolle a tradi-

⁵ Antón Santamarina indícanos amablemente: “Esta expresión era moi frecuente na miña infancia na Fonsagrada. Cando un non tiña unha residencia fixa dicía que era de Santa María de todo o Mundo”.

ción literaria nos títulos d'A gaita gallega (1853) de Xoán Manuel Pintos ou Cantares gallegos (1863) de Rosalía ou nos textos da “Representación dos veciños de Pontedevea” (1805), asinado por Pedro de Cima de Vila, ou “O preiteante gallego” (ca. 1837), atribuído a Ramón Varela Vahamonde.

O estudo do léxico e das variantes dialectais resúltanos decisivo á hora de situar xeograficamente a este “ajugador” galego que di vivir en Madrid. Unha vez teñamos radicado o seu berce, se cadra, podemos atinar coa verdadeira autoría.

En canto a fenómenos fonéticos atopamos diferentes casos que non son exclusivos de ningunha área de Galiza: síncope vocálica (esprito, priodico) ou metátese (prubico, probe).

Porén, unha das terminacións que no galego resultan ben definidoras da dialectoloxía é a formación do plural correspondente ás terminacións latinas –ANES, –ONES. No texto atopamos o resultado propio da franxa central (–AS, –OS): obrigaciós, algús, sultás. Velaquí o primeiro corte.

Mais o texto garda unhas características peculiares da zona oriental que nós coidamos situar na Mariña lucense. Seguindo a Fernández Rei estaríamos perante un galego da microsubárea da Mariña-Lourenzá, dentro da área mindoniense (Fernández Rei, 1991: 109). Miremos.

O uso do suxeito nosoutros fronte ao máis estendido nós é corrente na parte norte da provincia de Lugo, como tamén o é o pronome llelo (lles+CD), que aparece no noso texto.

Unha das formas que recolle o texto e reduce a unha comarca moi concreta desta área é a presenza da forma verbal da terceira persoa do plural do verbo ver: vein, que está vencellada cos trazos dialectais propios do galego da área oriental da provincia de Lugo e do occidente de Asturias. Concretamente adscíbese á area astur-negueirés, que collería os concellos de Castropol, A Veiga, a comarca dos Ozcos e a zona de Navia de Suarna, A Fonsagrada e Ribadeo (Asociación Abertal del Eo-Navia, 2007: 50).

A partir do léxico que emprega Xan de Santa María tamén rescatamos algunha palabra que pretendemos mirala como propia da área que deica agora vimos defendendo. Unha delas é sucadeira, un arado que fai sucos na terra e que se denomina así nas zonas da Terra Cha e do norte de Lugo fronte a sucadoira ou sucadoiro. Outro exemplo sería o da expresión turran como os carneiros: cando

o animal cornea ou topa, nas zonas ferrolá e mindoniense dise que turra, fronte ao uso máis estendido de turrar como “tirar cara a un”⁶.

Con todo o dito, coidamos que estamos nunha zona de transición entre o galego máis oriental da área mindoniense e o galego máis occidental da zona administrativamente asturiana.

4. AUTORÍA: VICENTE ÁLVAREZ MIRANDA?

Coidamos descubrir quen se agocha baixo o pseudónimo de Xan de Santa María de Todo o Mundo: o ribadense Vicente Álvarez Miranda, que naceu nesta vila da Mariña lucense en 18177.

Fixo os seus estudos de Teoloxía no Seminario de Mondoñedo. Uniuse ao exército liberal para loitar contra os carlistas, animado polo seu tío o xeneral Manuel de Latre⁸. Foi entón cando abandonou os seus estudos eclesiásticos e fixo carreira militar.

En 1835 traduce do francés Zulni, ó el arte de amar e é presentado como “Segundo socio de mérito de la Sociedad Filantrópico-Dramática de Rivadeo”.

Cando tiña o grao de capitán desertou do exército tralas aldraxes que recibiu o seu tío, Manuel de Latre, tralo levantamento de 1840. Foi entón cando forma parte da redacción do xornal El Huracán (herdeiro directo de La Revolución e que se publica entre 1840 e 1843), de tendencia republicana e progresista, baixo a dirección de Patricio Olavarría.

Sobre El Huracán escribe Carmen Pérez Roldán:

Propugnaba la movilización armada del pueblo para conquistar el nuevo sistema político, que habría de ser el republicano federal, pues la monarquía, decía, era incompatible con la libertad, y defendía los principios de la soberanía nacional sin límites (en la que el

⁶ Así nolo indica Xosé Luís Regueira.

⁷ Respecto do ano de nacemento nós seguimos a Francisco Lanza (1933: 281; 1953: 15). Porén, Couceiro Freijomil (1951: 48), que di seguir a Gamallo Fierros, sitúao no 1915.

⁸ Manuel de Latre foi un brigadier liberal que se destacou na loita contras os franceses. Era xefe político de Galiza en 1821, cando Francisco de Espoz y Mina asume a Capitanía Xeral da mesma. Cando o goberno trata de trasladar a Mina a Sigüenza e coloca a Latre na Capitanía, o pobo da Coruña ergueuse na súa contra de xeito que Mina foi repostado novamente e Latre marcha de Galiza (Miñano, 1837: 95). Foi un dos valedores de Nicomedes Pastor Díaz na súa chegada a Madrid.

pueblo votase las leyes aprobadas por sus representantes y tuviese el derecho de cambiar la Constitución y la forma de gobierno), el sufragio universal, la instrucción primaria gratuita y obligatoria, el reparto de tierras desarmotizadas entre los campesinos proletarios, la supresión de quintas o la redución de impuestos, y mostró igualmente una preocupación por el problema obrero.

(Pérez Roldán, 1999: 318)

Preocupación, a do emerxente proletariado, que levou a un dos compañeiros de Vicente Álvarez Miranda na redacción, Romualdo Lafuente, a dirixir un dos primeiros xornais obreiros, o titulado *La Voz del Pueblo*.

O noso autor pertencía ao ronsel dun primitivo republicanismo progresista ou demócrata que ía asomando a cabeza naquela España baixo a Rexencia de Espartero (1840-1843). En 1840 publica unha das súas primeiras obras, *La verdad en la tumba, ó sea, el Panteon de los Borbones* que, redactada en verso, está dedicada “A ti Constitución! Deidad hermosa, que emancipas los pueblos y haces moder el polvo á sus tiranos”.

No xornal *El Huracán* deuse a coñecer como escritor redactando airados versos contra a monarquía, o Duque da Vitoria (Espartero) e as clases altas. O imparcial Gómez Aparicio dicía del: “poeta desaliñado y ripioso, que solía ‘amenizar’ las hojas en que escribía con unas composiciones mucho más incendiarias que los mismos artículos de fondo de don Patricio Olavarría” (Gómez Aparicio, 1967: 263). O contemporáneo Juan Rico y Abat describía deste xeito os seus versos:

el más fecundo de los copleros políticos, D. Vicente Álvarez Miranda, que tanto se distinguía entonces por su asombrosa facilidad en la versificación y sus rabiosos y diarios ataques á la grandeza y á los reyes.

(Rico y Amat, 1861: 283)

Debido ás súas constantes diatribas e á deserción do exército presentouse a deputado a Cortes por Lugo para acollerse aos dereitos que se lle outorgaban. Saíu elixido en 1841. Dende a tribuna parlamentaria defendeu as ideas progresistas, que xa viña difundindo na prensa, e mostrouse contrario ao Duque da Vitoria.

Coa queda da Rexencia de Espartero en 1843 e a entrada dos moderados no goberno, Vicente Álvarez Miranda marcha a Sevilla “por cuestiones políticas” (Lanza, 1933:282). Alí publicaría *Glorias de Sevilla* (1849) e no libro é descrito como “colaborador filólogo de varios establecimientos tipográficos, sócio de diferentes empresas literarias, y primer redactor, que fué, del gran Diccionario Clásico de Domínguez” (Álvarez Miranda, 1849: 1).

Publicou varios poemas en *La Risa* (1843-1844) e en *El Fandango* (1844-1846), ambos fundados por Wenceslao Ayguals de Izco, e colaborou co *Eco del Comercio* (Vivero Mogo, 2006: 25). Chegou a ter bastante fama naqueles anos pola súa facilidade para versificar e incluso chegou a realizar actos públicos para demostralo⁹.

Vicente Álvarez Miranda, malia estar en Madrid, coidamos volveu á terra en máis dunha ocasión. Contactou coa Academia Literaria, o centro de operacións dos provincialistas, e trabou relación con algúns deles. Isto permitiu que colaborase co xornal *El Porvenir*, dirixido por Antolín Faraldo en 1845, cun longo poema titulado “España”¹⁰. Tamén sabemos que no mes de xullo foi obsequiado pola Academia Literaria cunha función teatral que, segundo a crónica de *Eco del Comercio*, foi unha feliz iniciativa de Antolín Faraldo. Amais repartiuse un prospecto (redactado seguramente polo propio líder provincialista) que remataba dicindo:

Los jóvenes que han concebido este pensamiento, esperan del patriotismo de vd. se digne concurrir a una función que debe considerarse como el donativo de un pueblo patriota y generoso, hácia un diputado gallego, victima de su independencia y entusiasmo por la libertad

Eco del Comercio, nº 881 (11.7.1845)

Pouco tempo despois obtivo a Cátedra de Latín e Castelán nun instituto de Bilbao. Durante a súa estancia na cidade vasca publica en 1852 *El hijo de María*, un longo poema sobre a vida de Cristo. Exerceu deica 1854, cando foi nomeado

⁹ *El Clamor* (9.1.1851). Dise que o poeta respondería ás preguntas dos presentes en verso. Seguramente fose unha sorte de regueifeiro.

¹⁰ Asinado en Madrid saíu no número 13 (2.8.1845) e no número 14 (28.8.1845). É un ataque á monarquía, ás clases altas e á relixión.

Cónsul Xeral de Amberes (Bélxica)¹¹ e logo, en 1858, de Veracruz (México)¹², onde morre nese mesmo ano¹³.

Os argumentos que sosteñen a nosa hipótese sobre a autoría desta carta asinada por Xan de Santa María de Todo o Mundo dedúcense do que temos exposto até aquí: ton anticlerical que coincide coa actitude belixerante de Álvarez Miranda coa Igrexa; ataques ás clases acomodadas propias dun demócrata republicano como era el; trazos dialectais que coinciden co seu berce (Ribadeo) ou a retranca do artigo propio do seu estilo xornalístico (colaborara na prensa satírica como *La Risa*). Velaí queda, entón, a nosa hipótese.

¹¹ *Guía de forasteros en Madrid para el año de 1857*, p.86.

¹² *Guía de forasteros en Madrid para el año de 1858*, p. 118.

¹³ *La Época* (9.6.1858).

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ MIRANDA, V. (1835): *Zulni ó el arte de amar*. Imprenta de Verges: Madrid.
- ÁLVAREZ MIRANDA, V. (1849): *Glorias de Sevilla*. Carlos Santigosa Editor: Sevilla.
- ÁLVAREZ MIRANDA, V. (1840): *La verdad en la tumba, ó sea el Panteon de los Borbones*. Imprenta del Huracán: Madrid.
- ASOCIACIÓN ABERTAL DEL EO-NAVIA (2007): *Informe lingüístico sobre a nosa terra Eo-Navia (Occidente de Asturias)*. Abertal: Eo-Navia.
- BAHAMONDE MAGNO, A. E OTERO CARVAJAL, L.E. (1989): *La sociedad madrileña durante la restauración 1876-1931 (volume 1)*. Comunidad de Madrid: Madrid.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (2008): “Palabras novas para tempos novos, aproximación ao léxico ideolóxico e político do primeiro xornalismo galego (1808-1814)” en *Primeiros diarios galegos (1808-1809)*. Consello da Cultura Galega: Compostela.
- CALLAHAN, W. J. (1989): *Iglesia, poder y sociedad en España, 1750-1874*. Editorial Nerea: Madrid.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1951): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Biblófilos Gallegos: Compostela.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1991): *Dialectoloxía da lingua galega*. Xerais: Vigo.
- GALLEGO, J. A. E PAZOS, A. M. (1999): *La Iglesia en la España contemporánea. Volumen 1*. Ediciones Encuentro: Madrid.
- GÓMEZ APARICIO, P. (1967): *Historia del periodismo español*. Editora Nacional: Madrid.
- HARTZENBUSCH, J. E. (1993): *Apuntes para un catálogo de periódicos madrileños: desde el año 1661 al 1870*. Biblioteca Nacional: Madrid.
- HOLMES AGNEW, J. E HILIARD BIDWELL, W. (1848): *The eclectic magazine of foreign literature, science and art (Volume 13)*. Bidwell: New York.
- LANZA ÁLVAREZ, F. (1953): *Dos mil nombres gallegos*. Editorial Galicia: Bos Aires.
- LANZA ÁLVAREZ, F. (1933): *Ribadeo antiguo*. Imprenta Mercurio: Madrid.
- MARIÑO PAZ, R.; BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. E ANEIROS, R. (2008): *Papés d’empressa condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846*. Consello da Cultura Galega: Compostela.
- MIÑANO, S. (1837): *Examen crítico de las revoluciones de España de 1820 a 1823 y de 1836*. Librería Delaunay: París.
- PÉREZ ROLDÁN, C. (1999): “La prensa republicana madrileña durante el siglo xix. La Igualdad y El Combate como ejemplos de periódicos republicanos” en *Historia y Comunicación Social*, nº4. Servicio de Publicaciones de la Universidad Complutense de Madrid: Madrid.
- PIZARROSO QUINTERO, A. (1994): *Historia de la prensa*. Editorial Centro de Estudios Ramón Areces: Madrid.
- RICO Y AMAT, J. (1861): *Historia política y parlamentaria de España (Tomo III)*. Imprenta de las Escuelas Pías: Madrid.
- SIERRA, J. C. (2006): *El Madrid de Larra*. Sílez: Madrid.
- VIVERO MOGO, P. (2006): “Entra a barricada e o escano: o republicanismo galego durante o reinado de Isabel II (1834-1868)” en *República e republicanos en Galicia*. Ateneo Republicano de Galicia: A Coruña.
- [HTTP://WWW.AUTORESGALEGOS.ORG/WEB/ASP/CONTENIDO.ASP?SECCINT=1&IDAUTOR=286&IDMENU=1](http://www.autoresgalegos.org/web/asp/contenido.asp?seccint=1&idautor=286&idmenu=1) [Consultado o 26.4.2010].